

B PRE SCO

BONOS *DESCONTO*

Que son?

Bonos Desconto postos en marcha polo Concello da Coruña para incentivar o consumo no comercio local, na hostalería, no sector cultural, nos salóns de estética e peiteado e nos taxis.

Quen pode descargar os bonos?

Calquera persoa maior de 18 anos que dispoña dun teléfono móbil.

Como podo descargarlos?

1.º paso: entra desde o teu móbil en presco.coruna.gal/bonos-presco e preme en ALTA CLIENTELA.

Introduce os teus datos: teléfono, correo electrónico, contrasinal, nome, apelidos e DNI. Verifica o teu teléfono introducindo o código de confirmación que recibirás por sms.

2.º paso: activa os bonos que terás dispoñibles, 60 € para cultura, 30 € para comercio, 20 € para salóns de peiteado e estética, 15 € para hostalería e 10 € para taxi.

Descarga os teus bonos, no caso de Iphone descargaranse no Wallet e no caso de Android na aplicación de tarxetas da que dispoñas, en caso de non tela instalada terías que descargar unha en Google Play.

Como se trocan os bonos?

A/o usuario/a debe mostrar o seu bono (código QR) e a app do comerciante lerao e descontará o importe en cada caso: 10 € para compras iguais ou superiores a 30 € con IVE no caso do comercio, 40% de desconto desde 10 € no caso da hostalería, 30% de desconto desde 20 € no caso dos salóns de peiteado e estética, 30% de desconto desde 6 € de viaxe no caso do taxi e 30% de desconto desde 10 € no caso do Bono Cultura. Cada bono irá mostrando o importe restante que queda.



B **P**
R
E
S
C
O

BONOS *DESCONTO*

Son compatibles cos bonos da Xunta?

Os bonos PRESCO son compatibles cos da Xunta de Galicia pero non se poden aplicar na mesma compra.

Pódense devolver as compras nas que se trocaren bonos?

En ningún caso o importe destes bonos poderá ser trocado por diñeiro efectivo. En caso de devolucións, o importe do bono poderá ser trocado por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior e nese caso a persoa usuaria asumirá a diferenza.

Cantos bonos podo trocar en total?

Cada persoa dada de alta no programa ten opción de descargar 5 bonos cos seguintes importes:

60 € para cultura

30 € para comercio

20 € para salóns de peiteado e estética

15 € para hostalería

10 € para taxi

Os bonos caducan?

Os bonos caducan o 30 de novembro de 2021.

Como consulto os establecementos adheridos?

Na web de presco.gal ou entrando no teu panel de cliente/a particulares.presco.gal co teu usuario e contrasinal. Ademais os establecementos adheridos terán un cartel distintivo nos seus escaparates.

Correo electrónico e teléfono de consultas

bonospresco@coruna.gal

010



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

**Descarga os
teus bonos**

